

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO (AMOEIRO)

CÓDIGO DO CENTRO: 32000356



Índice:

1.	INTRODUCCIÓN	2
2.	DATOS DE IDENTIFICACIÓN	5
3.	CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA SOCIAL E CULTURAL DO CENTRO.....	5
a.	Procedencia do alumnado	8
b.	Perfil socioeconómico e cultural.....	8
4.	ESTRUTURA DO CENTRO	9
5.-	DESCRIPCIÓN ORGANIZATIVA	10
5.1.	Oferta educativa:.....	10
5.2.	Servizos complementarios:	10
5.3.	Materias optativas:.....	11
5.4.	Profesorado	11
5.5.	Persoal non docente.....	12
5.6.	Alumnado	12
6.	SINAIS DE IDENTIDADE: PRINCIPIOS, FINS E VALORES.	13
6.1.	Principios e fins	13
6.2.	Confesionalidade.	15
6.3.	Lingua de aprendizaxe	15
6.4.	Liña metodolóxica.....	15
6.5.	Coeducación.	16
6.6.	A educación, un proceso integral.	17
6.7.	Valores éticos, cívicos e democráticos.	17
6.8.	Modalidade de xestión institucional.....	18

1. INTRODUCCIÓN

A LOMLOE nos seus artigos 120, puntos 3 e 4 di:

«3. As administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados. Os centros sostidos con fondos públicos deberán render contas dos resultados obtidos.»

«4. Os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de ámbitos, áreas ou materias, nos termos que establezan as administracións educativas e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin se impoñan achegas ás familias nin exixencias para as administracións educativas.»

Así mesmo, no artigo 121, puntos 1 e 2 :

«1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo, incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

O proxecto educativo do centro recollerá, así mesmo, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

«2. O dito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características do contorno social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais do contorno. O proxecto recollerá, ao menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción titorial, os plans de convivencia e de lectura, e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade, particularmente de mulleres e homes.»

«2 bis. Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e, se for o caso, nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo a dita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.

As administracións educativas adoptarán as iniciativas necesarias para facilitar aos centros a aplicación das ditas medidas.»

«2 ter. O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no cal, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se formulen as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o contorno.»

Así pois, o Proxecto Educativo do centro (PEC) é un documento de carácter pedagóxico elaborado pola comunidade educativa que enumera e define as sinais de identidade do centro, formula os obxectivos a acadar e expresa a estrutura organizativa e funcional do centro educativo.

Coas indicacións da lei, entenderemos que a plasmación total escrita do proxecto educativo é a compilación de documentos diversos que recollen, efectivamente, a concreción dos currículos das materias e os criterios e medidas organizativas para atender as distintas vertentes da acción educativa, sen prexuízo da necesidade de sucesivas actualizacións. Así, inclúense no Proxecto Educativo do *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo* de Amoeiro documentos aprobados polos órganos do centro.

En consecuencia, estas páxinas non son na súa totalidade o Proxecto Educativo; o que sinala o título é, por unha parte, a presentación do centro nos seus aspectos físicos, humanos exenericamente organizativos, completados cada ano na P.X.A; por outra, a exposición dos principios e valores que orientan a súa acción pedagóxica e a oferta educativa.

2. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

- Nome do centro: CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo
- Enderezo: Rúa Souto S/N
- Código postal: 32170
- Localidade: Amoeiro
- Provincia: Ourense
- Teléfono: 988 788 990- 988 788 991
- email: ceip.pedraio.amoeiro@edu.xunta.gal
- Oferta educativa:
 - Infantil
 - Primaria

3. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA SOCIAL E CULTURAL DO CENTRO.

Amoeiro enmárcase na meseta de Os Chaos, situada ao noroeste do val do río Miño, limitando ao este co municipio de Coles, ao norte con Vilamarín e San Cristovo de Cea, ao sur coa capital da provincia de Ourense e Punxín e ao oeste con Maside.

Conta cun total de 2.391 habitantes no ano 2023 e, no núcleo deste concello, atópase o *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo*. O edificio consta dunha soa planta para as aulas e, na parte baixa, sitúase o comedor/salón de actos, a cociña (que é de xestión directa) e o ximnasio con baños, ademais dun patio interior que utilizamos para a realización de eventos e o lecer nos días de mal tempo.

O máis destacado do centro é *variabilidade no número de unidades* coas que conta cada ano, xa que, non sempre son as mesmas e varía en función do número de alumnos/as existentes. Así, cantos máis alumnos/as, máis mestres/as e máis membros do equipo directivo pode ter. Polo tanto, hai anos que o centro conta con secretaria, se o centro ten con 6 unidades, e os anos nos que o centro queda con cinco unidades, a figura da secretaria queda en mans da directora do centro.

Así mesmo, este centro caracterízase pola *mobilidade do alumnado*, xa que sempre vén alumnado novo ao longo do curso escolar e, ás veces, tamén hai alumnado que se vai no medio do curso. A día de hoxe o centro conta cun total de 77 alumnos/as, 20 de infantil e 57 en primaria.

Este centro, no curso escolar 2023-2024, conta cun total de 7 unidades, dúas en infantil e cinco en primaria.

- Nas dúas aulas de infantil hai unha aula de 4º/5º EI (2 de 4º e 11 de 5º) e outra de 6º de infantil (7 alumnos).
- En primaria a distribución é a seguinte:
 - 1º EP: 9
 - 2º EP: 11
 - 3º EP: 9
 - 4º EP: 10
 - 5º/6º EP aula mixta: 18 (11 en 5º e 7 en 6º).

O claustro compóñeno un total de 13 mestres e mestras. Así mesmo, no centro hai dúas mestras itinerantes:

- A orientadora, que vén ao centro os mércores. O seu centro base é o CEIP Virxe de Covadonga en Ourense.
- A mestra de relixión, que acode ao centro os xoves e os venres e o seu centro base é p CEIP Ben-Cho-Shey en Pereiro de Aguiar.

Compoñentes do claustro:

- ✓ 2 mestras de educación infantil. Unha delas é a secretaria do centro.
- ✓ 4 mestras de educación primaria.
- ✓ 1 mestra especialista en inglés.
- ✓ 1 mestre de Educación Física que ademais é titor en 5º/6º EP.
- ✓ 1 mestra de música que imparte tamén apoios en diferentes aulas.
- ✓ 2 PTs a tempo completo; unha tamén realiza sesións de AL ao non ter un docente especialista no centro.
- ✓ 1 mestra PROA+, a media xornada.
- ✓ A directora do centro.

A xornada escolar é partida: o horario de mañá de 10:00 a 14:10 e de tarde: de 15:30 a 16:30 de luns a xoves. Os venres o alumnado non ten clase pola tarde, sendo o horario de 10:00 ata as 14:20 horas.

Tendo en conta o número de unidades anteriormente citadas, contamos con dous PT a tempo completo, ademais dunha docente coa especialidade de primaria PROA+, que está no centro a media xornada.

O centro está inmerso en numerosos plans e proxectos, sen contar cos prescriptivos: programa PROA+, biblioteca creativa, PLAMBE. No plan PROXECTA+ (Xogade) levamos moito tempo participando e incidimos no deporte escolar como un hábito para estar en forma e evitar a obesidade.

Salientar que recentemente o centro gañou un premio ao traballo por proxectos realizado curso pasado que levaba por título: *“A pintura: pintores e pintoras”* dotado con 2.000€. Este ano continuamos na mesma liña traballando os *“Autores e autoras dos nosos contos”*, na que todo o centro é partícipe.

Os *servizos complementarios* cos que conta o centro son: transporte escolar, comedor, acollida temperá (ou Plan Madruga) e as actividades extraescolares de luns a venres.

A maioría dos alumnos/as que veñen a este centro son da contorna e usan os servizos complementarios existentes: transporte escolar e comedor. Tamén se incrementou considerablemente o uso do plan madruga por parte das familias, facendo que a conciliación da vida familiar e escolar sexa máis doada. Pero tamén existe alumnado que vén fóra da contorna, xa que as familias prefiren un cole máis pequeno, familiar e en contacto coa natureza en contraposición cos masificados, numerosos e con pouco espazo para a interacción.

A relación do colexio *coas familias* podémola considerar como boa. Destacar que, en xeral, as familias colaboran e implícanse nas tarefas que se lle solicitan e amosan preocupación pola educación dos seus fillos/as tendo titorías periódicas e asistindo ás reunións grupais que cada titor/a convoca.

No centro temos un calendario semanal de merendas co fin de evitar o abuso de produtos envasados e bollería industrial. Destacar que practicamente o 100% do alumnado cumpre coas merendas establecidas polo cole.

Co **Concello** as relacións son fluídas e, moitas veces, se non realizan as tarefas solicitadas é por falta de persoal contratado no Concello. Un problema existente é o mantemento do colexio que en ocasións cuestiónase se lle pertence a eles realizar certos arranxos ou mantementos ou debería ser asumido polo colexio ou mesmo pola Consellería.

Durante catro anos, Luís González, o alcalde de Amoeiro, leva solicitando a reforma do muro exterior do cole, xa que está moi deteriorado e, nalgúns zonas, con grietas. A insistencia e numerosas reunións co Delegado Territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, así coma co Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional e Universidades, Jorge Rubén Sampedroa Grande, tiveron os seus froitos e en breve sacarán a licitación para poder executar esta obra de arranxo do muro exterior do centro que será en varios tramos

Co **CIM (Centro de Integración á Muller) da Mancomunidade de Santa Águeda** traballamos da man, chegando a realizar varias actividades ao longo do curso.

En canto ás características do alumnado destacar que a maioría son castelán falantes, aínda que hai alumnado que utiliza como lingua materna o galego. En moitas ocasións estes galego falantes acaban falando castelán por influencia dos seus compañeiro e compañeiras que utilizan como lingua materna o castelán.

O alumnado entre eles, lévase moi ben e os maiores soen coidar dos pequenos; tanto nos patios coma no comedor (pois os maiores serven aos pequenos na mesa e insístenlle para que coman se non o fan).

a. Procedencia do alumnado

Aínda que a maioría do alumnado provén da contorna, hai familias que traen aos seus fillos/as aínda que non lle corresponden por zona. O motivo é o que se mencionou anteriormente, o noso colexio é un centro pequeno en canto ao número de alumnos/as. Na actualidade hai 77, pero con amplos espazos tanto no interior (aulas, comedor, ximnasio...) coma no exterior (patios, cancha de fútbol, de baloncesto...).

b. Perfil socioeconómico e cultural

O perfil socioeconómico do alumnado é máis plural e diverso do que aparenta a primeira vista o territorio oficial que se lle asigna ao Centro.

As probas de diagnóstico da LOMLOE colocaron no seu momento o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) do centro nun nivel medio.

As familias.

En xeral mostran preocupación de cara aos estudos dos seus fillos/as, implicándose e colaborando co centro no que se solicita.

O centro conta cunha ANPA activa que desenvolve súas propias actividades con autonomía e a colaboración xeral dos órganos do centro.

4. ESTRUCTURA DO CENTRO

O centro dispón dos seguintes espazos:

➤ **Aulas:**

- Aulas **ordinarias**: 7 (2 de infantil e 5 de primaria, entre elas a sala azul).
- Aulas para **desdobres**: 1 (aula Pulido) e ás veces a biblioteca.
- As aulas **específicas** asociadas a determinadas materias ou usos específicos: 1 aula de música e 1 aula de PT.

➤ **Outros espazos:**

- Unha **biblioteca** con equipamento lúdico didáctico en libros e xogos así como soporte informático (Meiga) e audiovisual.
- Un **ximnasio** cun almacén onde se garda o material necesario para levar a cabo a actividade física e deportiva, ademais de dous baños con zona para cambiarse.
- O **comedor/salón de actos**: son lugares onde a socialización duns con outros é máxima.

- A **cociña**: pegada ao comedor. Dispón de todo tipo de utensilios necesarios para o bo funcionamento da mesma. Así mesmo, ten vestiarios e zonas de almacenaxe. No último cuarto, ademais de ser un espazo para o almacenaxe tamén se atopa un gran **armario rack** (sistema de almacenamento informático).
 - A **zona filas**: onde se recibe ao alumnado polas mañás e se fan os patios cando chove. Nesta zona tamén hai un cuarto onde se sitúa a caldeira da calefacción.
 - **Baños do alumnado** na zona das aulas.
- **Outras dependencias:**
- A **sala do profesorado**.
 - A **dirección**
 - A **secretaría/ Departamento de Orientación**.
 - O **baño do profesorado**.

Estamos pendentes de que se realicen obras de rehabilitación integral no centro que teñen que ver coa eficiencia e o aforro enerxético (cambio de ventás).

5.- DESCRIPCIÓN ORGANIZATIVA

5.1. Oferta educativa:

- **INFANTIL**: 4º,5º e 6º.
- **PRIMARIA**: de 1º a 6º.

5.2. Servizos complementarios:

- a) **Transporte escolar**: No centro hai dúas rutas de transporte, Bóveda-Amoeiro e Trasalba-Amoeiro. O alumnado usuario de transporte escolar úsao habitualmente.

b) **Comedor escolar:** É de xestión directa o que supón que no centro elabóranse e sérvense os menús. Na actualidade existen 85 prazas comensais tendo reservadas algunhas delas para as colaboradoras (5), cociñeiro e axudante (2), directora e encargada de comedor (2). O resto de prazas cúbrense co alumnado e o profesorado, de ser o caso.

c) **Acollida temperá:** este servizo úsano bastantes familias co fin de conciliar a vida familiar coa laboral. Así, neste curso finalizado usaron este servizo 20 alumnos/as, 16 de primaria e 4 de infantil. Este servizo comeza ás 8:00 da mañá ata a entrada do cole aínda que se pode empezar ás 7:30 se o solicitan.

5.3. Materias optativas:

As materias optativas en todos os cursos de infantil e primaria son:

- Relixión católica
- Proxecto competencial /Atención educativa.

O alumnado que o desexe pódese cambiar de optativa unha vez finalizado o curso escolar e antes de iniciarse o curso escolar seguinte.

Este centro participa en varios programas de innovación e proxectos do centro que aparecen na PXA cada ano: varias modalidades de contratos-programa (PROA), PLAMBE, biblioteca creativa, Plan Proxecta (Proxectos de vida activa e participativa), PFPP (Polos creativos foi o último realizado no centro)

Así mesmo, o centro organiza un variado calendario de actividades extraescolares e complementarias enfocadas á adquisición das competencias establecidas pola lei.

5.4. Profesorado

O número de profesorado no claustro varía cos anos pero soe roldar os 10 - 13 profesores e profesoras. No curso 2023-2024 o número de profesorado foi de 13 (1 a media xornada), habendo dous máis itinerantes (relixión e orientación).

5.5. Persoal non docente

- Persoal de administración e servizos: 4
 - 1 cociñeiro e 1 axudante de cociña.
 - 2 membros do persoal de limpeza

5.6. Alumnado

No curso 2023-2024 no CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo de Amoeiro cursaron estudos 77 alumnos e alumnas. Así:

- INFANTIL (2+11+7) = 20
- PRIMARIA (9+11+9+10+18) = 57

O número de alumnos e alumnas matriculados son os que se detallan a continuación:

Alumnado. Curso 2023-2024			
	Homes	Mulleres	Total
4º Infantil	2	0	2
5º Infantil	6	5	11
6º Infantil	7	0	7
1º Primaria	5	4	9
2º Primaria	9	2	11
3º Primaria	4	5	9
4º Primaria	6	4	10
5º Primaria	5	6	11
6º Primaria	5	2	7
Total alumnado	49	28	77

Os datos específicos e detallados sobre a organización de cada curso recóllese cada ano na Programación Xeral Anual.

6. SINAIS DE IDENTIDADE: PRINCIPIOS, FINS E VALORES.

6.1. Principios e fins

O CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo de Amoeiro declárase defensor do modelo de Escola Pública e de Calidade que garanta os dereitos constitucionais e parte dos seguintes principios de actuación:

1. Unha escola con **autonomía** no marco das competencias.
2. Unha escola **equitativa e inclusiva** que garante a igualdade de oportunidades. Unha escola que cumpra efectivamente os **dereitos da infancia e adolescencia**.
3. Unha escola que fomente a **prevención de conflitos e a súa resolución pacífica**.
4. Unha escola de **calidade** para todo o alumnado.
5. Unha escola **flexible** ante os cambios do alumnado e da sociedade.
6. Unha escola **non dependente de intereses privados**.
7. Unha escola **xestionada participativa e democraticamente**.
8. Unha escola **aconfesional**.
9. Unha escola que valore o **esforzo persoal e compartido**.
10. Unha escola que garante a **orientación educativa e profesional**.
11. Unha escola **defensora da función docente** como factor esencial na calidade da educación, que respecte a liberdade de cátedra, entendendo por tal o dereito dos ensinantes a expoñer, sen adoutrinamento, proselitismo ou sectarismo, o seu enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto ás normas establecidas e ás opinións discrepantes.
12. Unha escola que se relacione co seu entorno e promova valores como a **igualdade social, a solidariedade e o compromiso co medioambiente**, que non discrimine nin segregue e respecte o medio e as persoas que nos rodean.

13. Unha escola que recoñeza o **papel das familias**, pais, nais e/ou titores legais e fomenta a participación e a cooperación entre os membros da comunidade.
14. Unha escola que fomenta a colaboración e participación de **distintas administracións**.
15. Unha escola na que as relacións entre os diversos compoñentes estean presididas por un **enfoque humanístico, nas que o diálogo, a tolerancia e a disciplina** sexan as máximas de actuación.

No centro propóñense como metas a acadar, os seguintes **fins**:

1. Terá como obxectivos senlleiros a educación na liberdade e no pluralismo, a igualdade, a tolerancia e o respecto aos dereitos e liberdades fundamentais dos pobos e dos individuos, as súas culturas e linguas.
2. Desenvolverá o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades de todo o alumnado.
3. Fomentará a adquisición de hábitos intelectuais e coñecementos, e o desenvolvemento das capacidades individuais para favorecer o progreso persoal e futuro profesional.
4. Fomentará a saúde, física e emocional, da comunidade.
5. Fomentará o seu espírito crítico e a súa autonomía ofrecéndolle unha formación útil para a súa incorporación e participación activa e madura á sociedade.
6. Fomentará a responsabilidade individual, o mérito e o esforzo persoal coadquisición de hábitos de traballo e coñecementos en todos os ámbitos.
7. Fomentará a adquisición de valores no respecto cara aos seres vivos, os dereitos dos animais e o medio ambiente.

8. Fomentará a mobilidade segura, sostible, autónoma e saudable.
9. Estimulará a competencia persoal e a colaboración mutua, fronte á competitividade.
10. Transmitirá coñecementos para tentar conseguir que o alumnado teña unha actitude aberta e receptiva aos cambios que o progreso e a técnica nos achegan.
11. Fomentará a capacitación para o exercicio de actividades solidarias de coidados e colaboración social.
12. Desenvolverá a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital.

6.2. Confesionalidade.

O centro declárase aconfesional como institución. Será respectuoso coas crenzas individuais dos seus membros que non vaian en contra dos principios básicos do ensino e da convivencia propia dunha sociedade democrática.

6.3. Lingua de aprendizaxe.

O centro manifesta o seu compromiso de non discriminación por razóns lingüísticas. Sométese, ademais, expresamente ao lexislado para o uso das dúas linguas oficiais.

Consciente do distinto grao de uso do castelán e do galego, promoverá a normalización deste último, entendendo que tal feito implica unha maior riqueza cultural e máis posibilidades de achegamento á sociedade na que vivimos.

6.4. Liña metodolóxica.

O centro impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxías apropiados dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa e responsable e avoga por propostas metodolóxicas que teñan en conta os seguintes principios:

- A participación activa dos alumnos e alumnas na súa propia formación e na regulación do seu propio aprendizaxe.

- A atención plena á diversidade das capacidades e personalidades do alumnado.
- O estímulo das capacidades de crítica, autocrítica e autonomía persoal.
- O estímulo da capacidade creativa dos alumnos para a expresión dos propios coñecementos e sensibilidades nas distintas linguaxes en que se forman (lingüística, literaria, musical, corporal, etc.)
- O estímulo pola investigación, experimentación e innovación educativa co fomento de proxectos de innovación educativa e plans de mellora.
- O tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.
- A transversalidade e educación integral, que estenda á formación máis alá das aprendizaxes académicas (hábitos saudables, deporte, respecto pola natureza...).
- A funcionalidade, no senso da transmisión de coñecementos, habilidades e valores que sirvan para a formación global dos alumnos e a súa incorporación á sociedade.
- A avaliación sistemática de todos os procesos educativos.

6.5. Coeducación.

O centro recoñece que, na sociedade actual, aínda está por acadar totalmente a igualdade efectiva entre os sexos e márcase como meta a eliminación de todos os comportamentos e manifestacións de carácter sexista. Favorecerá as condicións materiais axeitadas para mellorar a convivencia entre os distintos sexos. Revisará o contido das distintas materias á luz dunha maior igualdade e solidariedade entre sexos.

6.6. A educación, un proceso integral.

O CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo ofrecerá ao seu alumnado unha formación que, ademais de suficiente no plano dos coñecementos, lles permita formarse como persoas capaces de desenvolverse por si mesmas, de acordo con valores éticos e morais.

O centro declara como principios os seguintes:

- A apertura do centro ao seu contorno e á sociedade.
- A gran importancia das actividades complementarias e extraescolares na formación das persoas.
- O respecto e coidado do contorno (persoas, centro, barrio, cidade,...)

O centro potenciará as devanditas actividades e colaborará coas diversas institucións da contorna, provinciais e autonómicas en asuntos relacionados coa educación.

6.7. Valores éticos, cívicos e democráticos.

É prioritario para o centro a educación en valores e impulsará e promoverá valores esenciais recoñecidos nas sociedades democráticas:

- O **respecto** nas súas múltiples variantes: as persoas, ao entorno, aos recursos, á capacidade que todas as persoas teñen de manter e manifestar os seus puntos de vista individuais e as normas recollidas nos nosos documentos.
- A **igualdade** de grupos e sexos e o respecto pola identidade cultural e lingüística.
- A **non violencia** cara ás persoas e as contornas.
- A **tolerancia** e o diálogo como vías imprescindibles para unha convivencia satisfactoria.
- A **solidaridade** que evite situacións discriminatorias, favorecendo a cooperación, a aprendizaxe cooperativa e a convivencia.

- O **comportamento democrático** como norma de conduta para todos os seus compoñentes.
- O **debate** entre posturas diferentes como instrumento de coñecemento da realidade e como medio para a toma responsable de decisións e a chegada a acordos.
- **A cultura da paz e a harmonía** entre culturas, comunidades e territorios.
- **A autoestima e a creatividade** para afrontar os retos do futuro.
- O **desfrute e gozo** por aprender.

6.8. Modalidade de xestión institucional

O centro, en todos os aspectos de xestión (económica, actividades, docente,...), participará dos principios enumerados para o funcionamento do centro, e establece como obxectivos:

- Manter unha **xestión democrática** do centro.
- Promover a **participación** de todos os estamentos do centro.
- Distribuír axeitadamente as funcións entre todos os estamentos e órganos de goberno.
- Mellorar a **comunicación** entre os compoñentes do Instituto e a comunicación externa cara as familias dos alumnos e o contorno.
- Fomentar o interese polo bo funcionamento do centro.

Este documento foi presentado e aprobado no Claustro e no Consello Escolar celebrado o día ____ de _____ de 202__.

A secretaria

V. e prace da directora